

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

*ANUNCIO do 21 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de cambio de uso de forestal a agrícola dunha parcela na parroquia de Osmo, no concello de Cenlle (Ourense) (expediente 2018/0162).*

De conformidade co artigo 47.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental formulado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático sobre o proxecto de cambio de uso de forestal a agrícola dunha parcela na parroquia de Osmo, no Concello de Cenlle (Ourense), promovido por Carlos Manuel Blanco Blanco.

O dito informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2019

María Cruz Ferreira Costa  
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

CVE-DOG: 54cx3z96-01j6-5ts5-dh03~vdplfx9rtwy7

